

Sociolingüística.

Índice de contidos:

1. As funcións sociais da lingua
2. Conflito e diglosia
3. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos
4. Historia da normativización
5. Interferencias e desviacións da norma:
 - 5.1. Interferencias lingüísticas.
 - 5.2. Desviacións da norma.
6. Linguas minorizadas e linguas minoritarias
7. O galego: lingua en vías de normalización

1. As funcións sociais da lingua.

As linguas nacen como materialización da capacidade que os individuos teñen para comunicarse, como sistematización da linguaxe. Os individuos viven en sociedade, motivo polo que se ven na necesidade de comunicarse. Esa comunicación faise por medio dun sistema que ten que posuír características comúns que permitan a todos os individuos codificar e descodificar mensaxes. Só así se poderá manter unha relación de comunicación entre os diversos individuos dun colectivo, dun grupo, dunha sociedade. Por isto se di que a lingua (sistema de signos suxeitos a normas) ten unha función social. Así pois, unha lingua é un sistema que ha de servir de vehículo de transmisión de ideas, pensamentos,... entre os individuos dunha sociedade.

Das relacións entre lingua e sociedade ocúpase unha disciplina lingüística denominada sociolingüística, que é o nome co que se coñecen unha serie de traballos situados entre a socioloxía e a lingüística.

O feito de que unha lingua sexa un medio de comunicación entre os individuos dun grupo, dunha sociedade, fainos pensar que a relación lingua=estado é o máis frecuente, e non é así, pois o máis habitual son os estados plurilingües. Basta con comprobar o número de estados que hai e o número de linguas, unha sinxela división daríanos a, case, 20 linguas por estado. A verdade é que moi poucos estados son monolingües (Portugal, Islandia, Albania,...), o cal quere dicir que en moitos estados (Francia, España,...) conviven dúas ou máis linguas e esa convivencia non adoita ser harmónica ou pacífica.

Por razóns do tipo que fose (económicas, políticas, relixiosas, militares) a poboación universal foise desprazando e así entraron en contacto diversas comunidades de linguas e culturas que se foron mesturando. Pero esa mestura foi desigual, pois o máis forte impúñase ao máis feble e desprazaba as prácticas culturais deste.

Foi esta circunstancia a que provocou a fragmentación lingüística e a aparición de dialectos que se ían ou non convertendo en novas lingua co paso do tempo. Pero este feito tamén produciu a desaparición doutras linguas que se perderon para sempre. Este dobre proceso podémolo ver coa expansión do Imperio Romano, que, ao tempo que foi conquistando o occidente europeo, foi fagocitando as linguas e culturas dos pobos dominados e impoñendo a súa lingua e a súa cultura (Romanización), pero co paso dos anos o latín foise diversificando e dando lugar a unha serie de dialectos, a maioría dos cales se converteron en linguas. Algo semellante ocorreu na época colonial co castelán, o inglés, o francés, o portugués,...

A consecuencia de todo isto foi que, do mesmo xeito que a maioría dos estados son multilingües, hai tamén idiomas que son oficiais en máis dun estado (inglés, castelán,...).



2. Conflito e diglosia




A situación de convivencia lingüística veuse denominando “Bilingüismo” de xeito errado, pois, unha vez que se profundou no concepto, os lingüistas concluíron que a situación de bilingüismo afectaba aos individuos pero non ás sociedades; son os individuos os que poden ser bilingües, trilingües, multilingües, segundo que dominen dous, tres ou moitos idiomas. Pero un territorio non é bilingüe. Así as cousas, creouse un novo concepto para definir esa situación de desequilibrio que é a que se produce entre as dúas linguas en conflito. Ese concepto foi o de “diglosia”.

Dúas linguas nun mesmo territorio tenderán sempre a especializar o seu uso. Así, por exemplo, unha especialízase en usos formais e outra en usos informais; unha en usos cultos e outra en usos vulgares; unha mesmo pode presentarse uniforme e a outra diversificada en múltiples variedades. É esta situación de desequilibrio, de desigualdade, entre dúas linguas que comparten espazo político, o que se chama diglosia. Pero nunha situación como a descrita, cada unha das linguas intenta acadar aqueles usos que non posúe e isto leva a unha situación de conflito, que non é outra cousa que un intento dunha lingua por acadar a capacidade de resolver calquera situación comunicativa.

3. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

Nunha situación de diglosia sucede, ás veces, que os falantes consideran que a



lingua propia non ten a categoría ou importancia da outra lingua. Isto é así porque a lingua nai, aquela na que aprenderan a falar, non é a lingua coa que se atopan nos centros de ensino. Isto sucedeu durante moito tempo en Galicia, sobre todo no rural onde os rapaces ían á escola falando galego e atopábanse con que a mestra e os libros utilizaban o castelán, polo que moitos galegos, durante moito tempo, pensaron que o castelán era unha lingua máis importante que o galego. Nestes casos, ademais, soe suceder que a lingua nai é a falada por individuos que pertencen ás clases baixas, mentres que a outra lingua é a falada polas clases altas. Isto leva a que aquelas persoas que queren progresar na xerarquía social intenten falar a lingua que consideran socialmente superior.

En Galicia durante moito tempo (quizais aínda hoxe) os que querían progresar utilizaban o castelán. Os rapaces saían da casa falando galego, pero na escola atopábanse co castelán como única lingua de cultura. Os emigrantes, que unha vez de regreso na casa, entendían que a súa situación social mellorara, falábanlles aos seus fillos en castelán. Este factor psicosocial aínda segue a actuar no subconsciente de moitas mentes galegas que consideran que o Castelán é máis importante que o galego. Estes prexuizos teñen unha repercusión clara nos usos lingüísticos do galego, lingua en proceso de normalización, que debe superar estas dificultades para acadar o seu obxectivo.

4. Historia da normativización



A necesidade de normativización dunha lingua prodúcese ando empeza a desenvolverse en ámbitos formais e cultos, cando empeza a utilizarse como lingua escrita no ensino e nos medios de comunicación. A normativización é un proceso necesario en todo proceso de normalización.

O galego perdera o primeiro gran momento de normativizarse; o Renacemento, porque, despois dun período de normalización como fora o medieval (lírica galego-portuguesa e prosa medieval), caera en desuso, a escola lírica galego-portuguesa deixara paso no século XV a unha escola lírica castelá e o galego reducira o seu uso ao ámbito familiar e ruralizárase. Polo tanto o momento aproveitado polas linguas romances para elaborar as súas gramáticas e dicionarios foi un momento perdido polo idioma galego para normativizarse. Perdido este tren haberá que agardar ata o Rexurdimento para poder ver novos intentos de normativización.

En 1864 aparece o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás, que é considerada a primeira gramática da lingua galega. En 1868 aparece *El habla gallega* de Cuveiro Piñol, e no mesmo ano tamén a *Gramática Gallega* de Saco e Arce. En 1892 ve a luz *Elementos de gramática gallega* de Marcial

Valladares. Desda época son tamén os primeiros dicionarios (1863, F. J. Rodríguez; 1876, Cuveiro Piñol; 1884, Marial Valladares). Paralelamente a isto, aparece prensa periódica bilingüe ou en galego (*El Heraldo Gallego*, 1874; *O Tío Marcos da Portela*, 1876-1890) e empresas editoriais empeñadas na difusión da cultura galega. Todos eses traballos de normativización resultaron moi precarios: Mirás, por exemplo consideraba normativos o seseo e a gheada, ou Valladares daba as definicións do seu dicionario en castelán.

A preocupación pola lingua non desaparece co inicio do novo século, sobre todo en ampliar os usos (Irmandades da Fala, grupo Nós, Seminario de Estudos Galegos), pero si se deteñen os traballos en favor da normativización. Coa aprobación do Estatuto do 36 o galego adquire categoría de lingua cooficial e incorpórase ao ensino.

Os escritores do primeiro terzo do século XX superan o dialectalismo da época anterior en favor dun supradialectalismo, cuxa tarefa principal é purificar o idioma eliminando castelanismos, para o que, se é necesario, non dubidan en acudir ao portugués ou á tradición literaria. Isto dá lugar a aparición de moitos lusismos e arcaísmos. Nese mesmo afán por diferenciarse do castelán aparecen os hiperenxebrismos e a pseudoevolución. A consecuencia foi a configuración dun galego afastado da fala común, co que os galegos, maioritariamente, non se identifican. A guerra civil puxo fin a todo este movemento.

Nos anos cincuenta a creación da Editorial Galaxia (1950) co obxectivo de divulgar poesía, contos e relatos breves, e promocionar a narrativa, o ensaio e a prosa científica, provoca a elaboración dunhas normas de uso interno co que lograba certa uniformidade. Pero estudos gramaticais non aparecen ata 1966 ano en que aparece a *Gramática Elemental del Gallego Común* de Carballo Calero e nos anos setenta aparecerá o proxecto do I.L.G. cos seus *Galego 1, 2, 3* (1971, 1972, 1974).

En 1970 a Real Academia Galega publica as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* e presenta así o primeiro intento serio de normativa definitiva. Estas normas case non presentan diferenzas con respecto ao proxecto *Galego 1, 2, 3*.

En 1977 aparecen, como resultado duns seminarios convocados polo I.L.G. aparecen as *Bases para Unificación das Normas Lingüísticas do Galego*, que non chegaron a ter carácter oficial.

En 1980 a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia crea unha Comisión de Lingüística encargada de elaborar unhas normas ortográficas de uso oficial. É así como nacen as *Normas Ortográficas do Idioma Galego* (1980), nas que confluían as dúas tendencias normativizadoras vixentes por entón: a independentista e a reintegracionista.

Definitivamente en 1982 o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, partindo das *Normas* de 1971 e das *Bases* de 1977 elaboran unhas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* aprobadas como oficiais por medio do Decreto 173/1982 de 17 de novembro (D.O.G. nº 36 de 20 de abril de 1983). Estas *Normas* foron novamente reformadas en 2003.

5. Interferencias e desviacións da norma:

5.1. Interferencias lingüísticas.


Cando dúas linguas conviven durante moito tempo nun mesmo territorio, acaban por contaxiarse unha da outra. Este contaxio móstrase nas interferencias que se producen entre esas linguas e que acaban por dar lugar a catro modalidades idiomáticas (lingua A, lingua B, lingua A con interferencias de B, e lingua B con interferencias de A). O grao de interferencia varía, pois, ás veces, son só uns poucos préstamos no léxico e outras veces case supoñen a creación dunha nova lingua.

As interferencias son típicas da fala, pero poden tamén incrustarse na escrita, se non sabemos ou se non podemos depuralas ben. As interferencias poden producirse en calquera dos niveis lingüísticos (fónico-fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico).

En Galicia esta situación resólvese, conforme ao que levamos dito, en catro modalidades idiomáticas: o galego, o galego castelanizado, o castelán galeguizado e o castelán. Destas catro modalidades a máis falada é a segunda, coñecida vulgarmente polo nome de “Castrapo” de base galega. Isto quere dicir que en Galicia o que máis se fala é un galego castelanizado.

O castrapo de base galega ten como rasgos máis característicos (interferencias) os seguintes:

a) Plano fónico. Son poucas as características ou interferencias do castelán no galego neste plano, quizais, só se poida citar a falta de diferenciación entre vogais medias tónicas abertas e pechadas, e, sobre todo, algunhas grafías. Ex.: *abó en vez de *avó*, *abogado por *avogado*... puidera tamén a geadá manter algunha débeda co castelán, pois normalmente pronúnciase [X] coma o fonema fricativo velar xordo castelán. */Xato/ en vez de *gato*.



Situaremos neste nivel tamén algunhas adaptacións fonéticas resultado de castelanismos léxicos. Ex.: *pareja* > **parexa* en vez de *parella*, *conejo* > **conexo* en vez de *coello*.

Por último aínda poderíamos sinalar algúns casos de pseudoevolución que afectan á fonética de palabras cultas que se resolven como semicultas. Ex.: **blanco* por *branco*, **clavo* por *cravo*, **esclavo* por *escravo*..., Quizais foi tamén o castelán o que influíu nalgúns vulgarismos por apócope e na conservación do (-l-) e (-n-) intervocálicos. Ex.: **Verdá* por *verdade*, **salú* por *saúde*, **persona* por *persoa*.

b) Plano morfolóxico. No plano morfolóxico son moitas as interferencias do castelán no galego. Así temos:

- A alteración do xénero dalgúns substantivos. Ex.: **a sangue* por *o sangue*, **a nariz* por *o nariz*, **a leite* por *o leite*, **o ponte* por *a ponte*, **o árbore* por *a árbore*, **o viaxe* por *a viaxe*.

- Uso dunha forma de artigo determinado feminino "o" (influencia do castelán "el") diante de substantivos femininos empezados por (a) tónica. E.: **o auga* por *a auga*, **o arte* por *a arte*, **o aguia* por *a aguia*, **o aula* por *a aula*...

- A utilización de TE por CHE, fóra das zonas teístas. Ex.: **onte coñecinte a noiva por onte coñecinche a noiva.*

- Uso das formas pronominais de suxeito en vez das de complemento con preposición despois da partícula comparativa, ou das preposicións *onda* e *canda*. Ex.: **fixo tanto / máis / menos coma / ca eu en vez de fixo tanto / máis / menos coma / ca min. *esta onda eu en vez de está onda min. *veu canda eu en vez de veu canda min.*

- A neutralización entre LLE e LLES en favor de LLE, é dicir, a indistinción entre singular e plural. Ex.: *deullo a el, *deullo a eles.* Este por *déullelo a eles.*

- O lleísmo, uso de LLE, LLES (CI) por o, os (CD). Ex.: **non lle vin por non o vin, *non lles avisei por non os avisei.*

- Os plurais dos demostrativos ESTOS, ESOS, AQUELOS en vez de ESTES, ESES, AQUELES.

- O uso dun plural **QUENES* do relativo e interrogativo *QUEN*. Ex.: **foron os amigos quenes o avisaron por foron os amigos que o avisaron.*

- Uso das formas apocopadas *PRIMER /PRIMEIR, TERCER /TERCEIR, CALQUER* en vez de *primeiro, terceiro, calquera.*

- Uso de *ALGÚN /-HA* en vez de *NINGÚN /-HA*. Ex.: **non fai cousa algunha por non fai cousa ningunha.*

- Uso de tempos compostos con *haber*. Ex. **habería estado a tempo, se me chamases por estaría a tempo, se me chamases.*

- Uso de formas verbais castelás ou adaptadas do castelán irregulares polas formas regulares galegas. Ex.: **traduxo por traduciu, *andiven / *anduvén por andei, *valdreí por valerei...*

- Uso de formas castelás en vez das galegas en verbos irregulares. Ex.: **iba por ía.*

- Usos reflexivos estraños ao galego. Ex.: **casarse, *erguerse, *arredarse, *sentarse, *podrecerse, *quecerse... por casar, erguer, arredar, sentar, podrecer, quecer...*

c) Plano sintáctico. Neste plano as interferencias máis frecuentes son:

- Uso do Dativo Ético (DE). Ex.: **cominme un anaco de queixo, bebéte ese vaso de viño, merécese un regalo por comín un anaco de queixo, bebe ese vaso de viño, merece un regalo.*

- Ausencia de artigo determinado diante de determinante posesivo. Ex.: **meu libro por o meu libro.*

- Incorrecta colocación do pronome átono. Ex.: **mo dixo meu pai por díxomo meu pai, *o amigo lle dixo que non por o amigo díxolle que non.*

- Uso da preposición *A* con CD de persoas. Ex.: **saudei ao teu amigo por saudei o teu amigo.*

- Uso de perífrases *IR+A+Inf.* En vez de *IR+Inf.* Ex.: **imos a ver por imos ver.*

d) Plano léxico. É aquí onde máis interferencias se producen e onde é preciso estar máis atentos para que a forma castelá non substitúa á galega. Os castelanismos léxicos poden agruparse en varios tipos. Así temos:

- Castelanismos que conviven coa forma galega. Neste caso, normalmente, a forma galega restrinxe o seu significado. Ex.: *vasoira / *escoba, billa / *grifo, tixola / *sartén, moa / *muela.*

- Castelanismos resultado da potenciación dun sinónimo. Ex.: *romper / escachar / escachifar / rachar, cerrar / fechar / pechar, lágrima / bágoa, labio / beizo, comprar / mercar, enfermo / doente.*

- Castelanismos que se meten no galego baixo unha falsa aparencia de forma galega, adaptado foneticamente. Ex.: **axuntamento, lentexa, cuchilo, conexo,*

carcaxada, parexa, xaula, carreteira, vernes, por concello, lentella, coitelo, coello, gargallada, parella, gaiola, estrada, venres.

- Castelanismos que substitúen a forma galega. Ex.: *Dios, Iglesia, rodilla, embudo, cuchara, adiós, pueblo* por *Deus, Igrexa, xeonllo, funil, culler, adeus, pobo...*

5.2. Desviacións da norma.

Diante desta realidade o falante reacciona intentando protexer o seu propio idioma, polo que pasa ao lado contrario e provoca a aparición de desviacións da norma semellantes aos castelanismos dos que agora falamos. Esas desviacións da norma son os lusismos, os arcaísmos, os dialectalismos, os vulgarismos, e os hiperenxebrismos (pseudogaleguismos e pseudoevolucións). Todos estes fenómenos son o resultado de deficiencias na competencia lingüística do falante, agás os lusismos que semella que responden máis a unha intención reintegracionista que non a unha falta de competencia.



a) Os lusismos son préstamos do portugués que veñen, normalmente, a cubrir lagoas no léxico galego, lingua reducida durante tres séculos ao ámbito rural, o que provocou a perda de moito léxico creado polo resto das linguas romances durante o Renacemento, o Barroco, o Neoclasicismo e a Ilustración. As consecuencias dos lusismos son diversas:

- Ás veces permite a recuperación da forma galega castellanizada. Ex.: *liberdade* en vez de **libertá / libertade*, *frouxo* en vez de **floxo*, *xuño* en vez de **xunio*, *xullo* en vez de **xulio*.

- Outras veces o lusismo permite restituír formas galegas desaparecidas. Ex.: *aluguer, avaliar, grella, orzamento, vacina...*

- Outras veces permite resolver problemas derivados da correcta formación das familias léxicas irregulares. Ex.: *xerar, xeral, xeneral, xeneralidade, xeneralizar...*; *cor,*

corar, colorar, colorido, incoloro...persoa, persoeiro, persoal, personalizar, personificar, personificación...

- Pero, ás veces, ven substituír á forma galega e entón deben rexeitarse. Ex.: *frango por polo, *greve por folga, *comboio por tren, *presunto por xamón...

Débense considerar lusismos rexeitables moitas das solucións gráficas e morfolóxicas admitidas polos reintegracionistas. Ex.: *hábeis (pl. de *hábil*), *trazes (traes), *série (serie), *um (un), *isso (iso), *leva-o (lévao), *tenho (teño). *velha (vella), já (xa)...

b) Os arcaísmos son palabras de uso en épocas pasadas do idioma, que desapareceron por falta de motivación e que son recuperadas en etapas posteriores por escritores que dese xeito cren depurar o idioma. Ex.: *nascere por *nacer*, *door por *dor*, *vegada por *vez*, *tiduo por *título*, *ren por *nada*.

c) Os dialectalismos son solucións lingüísticas propias dunha zona de Galicia, pero que non foron recollidas como normativas nos procesos normativizadores. Os dialectalismos poden darse en calquera plano: fónico (gheada, seseo), morfolóxico (plurais en -es, previa perda do (-l), para palabras polisílabas agudas rematadas na consoante (-l), *animaes*),...

d) Os vulgarismos son desviacións debidas á falta de competencia lingüística do falante. Ás veces non é fácil diferenciar o vulgarismo do dialectalismo. Ex. *marmurar por *murmurar* (disimilación), *probe por *pobre* (metátese), *ademirar por *admirar* (epéntese), *espranza por *esperanza* (síncopa), *apousar por *pousar* (prótese), *sere por *ser* (paragoxe), *ta por *está* (aférese), *verdá por *verdade* (apócope).

e) Os pseudogaleguismos son desviacións da norma xurdidas dunha falsa correspondencia co castelán. Ex.: *ambiente por *ambiente* (motivado pola correspondencia castelán (ie) = galego (e) aberto: *bien* = *ben*). Outros exemplos: *gasoliña por *gasolina*, *brilar por *brillar*...

f) As pseudoevolucións son desviacións da norma por aplicar solucións patrimoniais ou semicultas a palabras cultas, ou solucións patrimoniais a palabras semicultas. Ex.: *pran por *plan*, *outura por *altura*, *amabre por *amable*, *cadeirádego por *catedrático*...



6. Linguas minorizadas e linguas minoritarias.

Lingua minorizada é un termo da Sociolingüística que fai referencia a calquera lingua que, compartindo espazo xeográfico con outra ou outras, ten usos restrinxidos. Unha das razóns que poden levar a unha situación de minorización é un proceso de substitución lingüística, pero na maior parte dos casos as linguas minorizadas nunca chegaron historicamente a desenvolver eses rexistros e usos. Tradicionalmente se lles denominou a estas linguas *minoritarias*, pero ese é un valor erróneo, posto que a minorización non depende do número de falantes, senón do estatus de que goce esa lingua.

A minorización lingüística pode ter causas predominantemente políticas, que se expresan nas normas de uso lingüístico explícitas (por exemplo os decretos de Nova Planta nos Países Cataláns que crearon as circunstancias que


permitiron a prohibición do uso do catalán nos ámbitos oficiais), ou sociais, expresadas na conciencia ou representación social, que pode impedir a normativización ou a codificación e o cultivo da lingua (por exemplo, a clase alta prefire e impulsa o francés en Luxemburgo e acaba impedindo o desenvolvemento do idioma luxemburgués).

Do mesmo xeito, a situación de minorización pode ser reversíble como consecuencia da vontade firme dun pobo e das políticas dos seus gobernos (é o caso do finés, húngaro, islandés, noruegués, polaco e checo, no século XX). Hai aínda casos de resurrección de linguas, como a recuperación da lingua hebrea como vehículo de comunicación, dado que quedara reducida aos usos litúrxicos xa en tempos de Xesucristo.

O concepto de lingua minoritaria refírese á demografía relativa dun idioma, ás dimensións dunha comunidade lingüística. Aplícase, pois, á lingua dunha comunidade lingüística pequena, en termos xerais ou rexionalmente. Pode haber, pois, linguas minoritarias en situación de oficialidade plena (a danesa) e linguas minoritarias minorizadas (o galego ou o catalán). Tamén, dentro dun ámbito estatal, unha lingua pode estar en situación de minorización, e seguramente en minoría ante o grupo dominante, e, pola contra, á outra banda da fronteira estar en situación de oficialidade plena (é o caso do grupo alemán de Alsacia e Lorena, dentro do Estado francés).

Os termos “lingua minoritaria” e “lingua minorizada” son frecuentemente confundidos. Unha lingua é minorizada cando, sendo maioritaria ou minoritaria no seu territorio autóctono, os seus usos sociais están supeditados aos de outra lingua coa que entra en competencia, isto é, unha lingua estará minorizada cando algunha das súas funcións (identidade, familiar, local, laboral, cultural e institucional) sexa desenvolvida total ou parcialmente por outra lingua foránea. Maiorizada é unha lingua que asume toda a funcionalidade.

As etiquetas “minoritaria”/“maioritaria” son só aplicables en termos cuantitativos a



unha lingua sempre que se compare con outra nun territorio administrativo dado. O castelán é lingua minoritaria en Europa, nos EE.UU. ou en Galicia, mais é maioritaria na Arxentina ou España. Unha lingua é minoritaria no seu territorio cando a porcentaxe de falantes que a usan é baixo. Así, existen linguas maioritarias maiorizadas (francés na Francia, alemán na Suíza, Alemaña, grego en Grecia...) e linguas maioritarias minorizadas (galego en Galicia, frisón na Frisia (Holanda),

friulano no Friuli (Italia), corso en Córsega...) e tamén linguas minoritarias minorizadas, as máis comúns no caso de co-lingüismo nun territorio ou por non coincidiren fronteiras políticas e lingüísticas: galego en Asturias, León, Zamora, euskera en Euskadi de aquí e alén Pirineos, grego en territorio italiano, etc.

Na Europa actual, desde Galicia até os Urais, fálanse unhas cento vinte ou cento corenta linguas (dependendo do que se entenda por lingua, variedade ou dialecto) das máis diversas familias. Delas só unha trintena son linguas oficiais dun estado, o que dá unha media de catro linguas por estado europeo, moi poucas se comparamos esta media coa diversidade lingüística no resto do mundo. Os estados europeos

“lingüísticamente puros” son escasos: Islandia, onde a súa lingua, o islandés, é falada por toda a poboación, e Lietchtenstein. Portugal, popularmente tido por monolingüe en portugués, tampouco o é totalmente, porque na zona trasmontana de Miranda do Douro aínda hai uns milleiros de persoas que falan mirandés, unha variedade do astur-leonés. O plurilingüismo é o normal, o monolingüismo o anormal.

Nun estado como o español, por poñermos un exemplo coñecido, fálanse hoxe oito linguas autóctonas: galego en Galicia, oeste de Asturias, León e Zamora e noroeste de Cáceres; catalán en Cataluña, Baleares, grande parte de Valencia, leste de Aragón e El Carxe en Murcia; euskera en Euskadi, Navarra e o Condado de Treviño en Burgos; astur-leonés no centro e leste de Asturias, occidente de Cantabria, norte de León e a Seabra zamorana; aragonés no norte de Huesca; portugués en Olivenza e puntos da fronteira estremeña; aranés (occitano) no Val de Arán e castelán no resto do territorio. Se tomásemos o conxunto do Reino de España aínda teriamos que engadir máis dúas linguas: o árabe e máis o tamazigh (beréber), falados nas cidades norteafricanas de Ceuta e Melilla. De todas elas, só unha é oficial en todo o Estado (sen ser maioritaria en todos os territorios, mais si maiorizada) e outras catro (galego, euskera, catalán e aranés) son cooficiais, o que quere dicir que hai outras tres (ou cinco) que, ou ben non son recoñecidas ou non gozan de cooficialidade e están sempre minorizadas. E como as fronteiras lingüísticas raramente coinciden coas fronteiras político-administrativas, hai falantes desas tres linguas co-oficiais (máis de dúascentas mil persoas) que tampouco teñen dereitos lingüísticos ou, no mellor dos casos, teñen algunha concesión. É o caso do galego en Asturias, León, Zamora e Cáceres; euskera en Navarra e Burgos (Condado de Treviño) e catalán en Aragón e Murcia (El Carxe). Nestes territorios, as linguas referidas son minoritarias e están minorizadas.



Ao abordarmos algunhas das linguas da Europa, vemos unha grande variedade de lexislacións e situacións lingüísticas que condicionan a maiorización ou minorización das linguas: non é similar a férrea represión que exercen Francia ou Grecia ao respecto e consideración igualitaria que a Suíza aplica ás súas catro linguas. As normas, declaracións e acordos internacionais europeos de respecto polas minorías lingüísticas (Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias...) carecen de supervisión do seu cumprimento e baten coa lexislación lingüística dalgúns estados asinantes. Son, por

outra parte, eficaces algúns acordos bilaterais entre estados cando existe tratamento de reciprocidade: a lexislación protectora que un deles aplica a unha lingua non oficial tamén a aplica o outro sobre outra lingua non oficial. Isto acontece cando un estado ten no seu interior unha minoría lingüística que é maioritaria e oficial no estado veciño e viceversa. Aí temos, por exemplo, o acordo entre Alemaña e Dinamarca de 1955 sobre a rexión de Schleswig-Holstein.

Como dixemos, agás no caso da illa de Islandia, en ningún outro territorio van coincidir unha fronteira lingüística cunha fronteira administrativa. A política e a economía dos poderosos impuxéronse historicamente sobre as linguas e nacións naturais. Por iso non vale aplicarlles adxectivos “estatais” ás linguas: o catalán non é só unha lingua “española”, tamén o é francesa, andorrana e italiana. O saami non é só unha lingua “sueca”, é tamén finlandesa, rusa e norueguesa. O húngaro non é só unha lingua “húngara”, tamén o é romanesa, eslovaca, austríaca, eslovena, ucraína e iugoslava. O alemán é lingua “alemá”, pero tamén austríaca, suíza, belga, francesa, italiana, checa, polaca, ucraína, rusa... As linguas son do pobo que as creou e as mantén vivas e non coñecen pasaportes nin alfándegas. As linguas europeas son de Europa, nunca de ningún estado en concreto.

Na súa política lingüística, os estados europeos poden non recoñecer ningunha lingua distinta da oficial no seu seo (Grecia, Letonia, Francia), recoñecer só algunha(s) dela(s) -España, Italia, Alemaña- ou recoñecelas todas (Iugoslavia, Suíza, Finlandia, Ucraína, Hungría, Austria, Bélxica). Agora ben, este recoñecemento pode ser teórico, abstracto, ou ben efectivo, con promulgación de disposicións legais favorecedoras dese idioma recoñecido, con dotacións orzamentarias para a recuperación e extensión da lingua, etc. Danse, tamén, casos paradoxais de linguas que non son recoñecidas en ningunha constitución, lei de linguas, decreto, etc. E, non obstante, si son favorecidas e apoiadas por un estado (casos como o do ruteno ou o eslovaco na rexión autónoma iugoslava da Voivódina).


Hai estados europeos que lles aplican ás súas linguas estatutos territoriais. Dentro do territorio autónomo X a lingua oficial é X, e no territorio autónomo Z a lingua oficial é Z. Este é o caso da Suíza e Bélxica. O problema estriba en que este estatuto territorial non ten en conta a non coincidencia entre territorio lingüístico e territorio político. Fóra do territorio flamengo quedan zonas flamengas desprotexidas e fóra do territorio valón quedan zonas galorrománicas desprotexidas. Algo semellante pasa no estado español. As zonas galegófonas de Asturias, León, Zamora e Cáceres quedan fóra da declaración de cooficialidade que ten o galego en Galicia.

Hai outros estados europeos que aplican un estatuto persoal. A persoa pode usar a lingua que queira en calquera parte do territorio estatal. Isto acontece en Finlandia co finlandés e co sueco (mais non co saami), en Luxemburgo co francés, o alemán e agora tamén o luxemburgués, e en Irlanda (teoricamente) co gaélico e co inglés. Na antiga Federación iugoslava, o plurilingüismo non se mediu nunca en parámetros económicos, senón de respecto e fomento do patrimonio cultural; existía un estatuto territorial das linguas por repúblicas: esloveno en Eslovenia, macedonio na Macedonia, serbocroata no resto das repúblicas, mais dentro de cada república podía aplicarse o estatuto persoal; así, na rexión de Kosovo, maioritariamente albanesa, calquera cidadán podía facer vida normal en serbocroata ou en albanés. O Parlamento de Belgrado funcionaba en cinco linguas: esloveno, serbocroata (en alfabeto cirílico e latino), macedonio, húngaro e albanés e nas cinco se publicaban leis e decretos, aínda que a interlingua fose o serbocroata. Hoxe, despois da independencia eslovena, croata e macedonia, só se usan o serbocroata, o húngaro e o albanés. O normal é que cada cidadán fale, ao menos, dúas linguas e entenda algunhas máis, alén das que aprenden no ensino como estranxeiras (inglés, ruso...).

Tendo, pois, cada estado grande responsabilidade na condición de que unha determinada lingua sexa ou non minorizada, cada individuo dunha comunidade lingüística, desde o uso que desenvolva, contribúe tamén para unha maior ou menor minorización e, claro está, para que en territorios colingües unha ou outra das linguas en uso sexa maioritaria ou non.

7. O galego: lingua en vías de normalización

A minorización histórica da lingua galega persiste na actualidade, consecuencia do tradicional empeño das instancias de poder en substituír ese idioma polo castelán. Novos respiradoiros buscan revisar, con espírito crítico, as prácticas normalizadoras levadas a cabo (indiscutiblemente fracasadas) e intentar abrir outros horizontes de actuación. Séchu Sende consagrou a esta misión o seu libro *Made in Galiza* (Xerais, 2007), un conxunto de textos breves, de pretensións literarias, cun carácter pedagóxico que favoreceu o seu éxito de vendas e cuxo espírito se resume no lema : “Eu nunca serei yo”. O ensaio *A impostura e a desorientación na normalización lingüística* (Candeia, 2008), de Xosé Manuel Sarille, repasa as iniciativas oficiais para estender o uso do galego a todos os ámbitos, fundamentalmente desde a implantación da Lei de Normalización Lingüística (de 1983). A opinión de Sarille é que o predominio de maiorías dereitistas no poder autonómico baleirou de sentido o contido da lei e, en definitiva, dedicouse a crear institucións ineficaces e a facer bandeira da farsa do bilingüismo harmónico, cedendo o protagonismo ás organizacións da precaria sociedade civil que alimentou o penúltimo cambio de goberno (en xuño de 2005).



Entrecruzado co proceso errante de normalización, o chamado debate normativo enfronta aos partidarios da normativa oficializada, próxima nas súas prescricións á ortografía do castelán e defendida pola Academia e polo Instituto da Lingua Galega, contra os defensores dunha normativa converxente cos patróns oficiais da lingua portuguesa, cuxa organización máis representativa é a Associação Galega da Língua. Fronte ao autonomismo da primeira opción, xa con varias décadas de vixencia, a segunda ten dúas vías de reforzo, pese á súa marxinación: a indiscutida unidade do que se coñece como portugués e galego desde un punto de vista filolóxico, e a integración do galego no tronco lingüístico internacional da lusofonía como acicate para a súa supervivencia.

Tal e como refire Sarille, os obstáculos para superar o desinterese da Xunta naceron na inoperancia das políticas lingüísticas dispostas nos ámbitos municipal e institucional, deixadas en mans de persoas sen a formación necesaria para tales tarefas, sen esquecer que o debate normativo acabou por transcender a diverxencia estratéxica para alcanzar o enfrontamento político. En certo modo, a discordia foi e é aproveitada por algúns sectores para facer esquecer o verdadeiro centro do debate: o proceso de substitución castelán-galego, ligado á perpetuación dunhas estruturas de dominación que sangran na realidade diglósica. A falta de interese, cando non a súa

hostilidade, dos partidos estatais pola cuestión normalizadora concede aos sectores nacionalistas a responsabilidade neste campo. Con todo, a cesión da Secretaría de Política Lingüística ao PSOE supuxo, na práctica, a renuncia do BNG a afrontar políticas realmente eficaces neste ámbito, prolongando a súa actuación a nivel municipal.

Pouco ou nada cambiou co novo goberno, se exceptuamos o incremento dos presupostos destinados á promoción do galego (un millón de euros na campaña *E logo*) e a toma de conciencia en espazos alternativos da necesidade de propoñer novas formas de planificación que os políticos non están tendo a valentía de asumir.

Como se ve a opinión sobre a eficacia dos procesos normalizadores levados a cabo polos diversos gobernos varía segundo a opinión política do crítico. A realidade é que, en principio, esas políticas, promocionais ou impositivas non deron o resultado que se pretendía, quizais porque se esqueceu que ese proceso depende da conciencia de cada galego, que é o que debe, libremente, decidir que quere facer co seu idioma e cal ha de ser a lingua que quere utilizar na súa relación cos demais individuos. O caso é que non debemos estar facendo ben as cousas, pois as xeracións máis novas están preferindo o castelán ao galego.

